

BASES XV TORNEO SAN ROQUE 2024

Organiza:	Club Xadrez Betanzos.
Torneo:	Só xogadores/as federados. Valedoiro para Elo FIDE rápidas
Data:	Domingo 11 de agosto.
Lugar:	Edificio do Matadoiro, no barrio de A Ribeira. Betanzos.
Nº participantes:	Establecerase un límite de 80 xogadores que serán admitidos atendendo a orde de inscrición.
Inscricións:	Poderá facerse no email: veiras8@hotmail.com ou no tlfno: 652696531 O custo da inscrición será de 10€. Están exentos GMs, MI, e socios / escola C. Xadrez Betanzos.
Presentación:	A hora límite, os xogadores, para presentarse no local de xogo e pagar a súa inscrición será as 16.00 h do día 11.
Horario de xogo:	Comezo da primeira rolda as 16.15h.
Sistema de xogo:	Suízo, a 7 roldas. O ritmo de xogo será de 10 minutos por xogador, mais incremento de 3 segundos por xogada. O desempate será primeiro por resultado particular entre xogadores empatados si se xogaron tódalas partidas posibles entre os empatados, e segundo por media de Elo dos opoñentes, (cun mínimo 1000).
Premios:	100€, 85€, 75€, 65€, 55€, 45€, 35€, 25€, 20€, 15€ para os 10 primeiros clasificados. 25€, 15€ para os dous primeiros clasificados categoría veterán (55 anos en adiante). 25€, 15€ para os dous primeiros clasificados do club. Trofeos mellor S16 e S12 xeral e club. Os premios non serán acumulativos, no caso de que un xogador concorrera a varios premios, entregaráselle o de maior contía.
Aceptación:	Os xogadores inscritos autorizan á organización do torneo a difusión ou emprego de imaxes ou do nome dos xogadores nos medios de comunicación ou en publicidades e memorias de competición, sempre que non representen menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria ós seus intereses e sempre dentro do marco legal que se fixa no Código Civil, na Lei de Enxuízamento Civil e na Lei Orgánica 15/99, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.
Obrigas:	Non está permitido a consumición de bebidas alcohólicas nin fumar no recinto do local.
Patrocina:	LUGAMI artes gráficas. Porto de Paula.
Colaboran:	Concello de Betanzos. Supermercado FROIZ.